

OS COTOS



O 16 DE ABRIL de 2022
CHEGOU A PASCUA CON CRISTO



CHEGOU A NOSA PASCUA
! GRAZAS POR ESTAR ;

Unha vez máis, un ano máis, despois de dous sen poder facelo, queremos, DAR GRAZAS, pola PASCUA que somos capaces de encher de vida. Valeu a pena volver reunirmos as dez parroquias para compartir a Resurrección en Os Cotos. Cristo é para todos, e que menos, que todos unírmonos para celebralo.

* Tamén queremos facer partícipe desta Festa da Pascua a todas as persoas das nosas parroquias, que por saúde, idade, ou outras razóns, non puideron estar con nós na festa de Os Cotos. Queremos que a Pascua chegue ás súas casas, e a través do grupo de cáritas, con avisarnos, comprometémonos a levarlle “a luz e a auga” pascual.



195 Folla
informativa para
a comunidade
 cristiá


"Un contíño para vivir""Lembra soltar o vaso"

Un psicólogo, nunha sesión grupal, levantou un vaso de auga. Todo o mundo esperaba a típica pregunta: "Está medio cheo ou medio baleiro?" Con todo, preguntou: – Canto pesa este vaso?.

As respostas variaron entre 200 e 250 gramos. O psicólogo respondeu: «O peso absoluto non é importante. Depende de canto tempo o sosteño. Se o sosteño un minuto, non é problema. Se o sosteño unha hora, doerame o brazo. Se o sosteño un día, o meu brazo entumecerase e paralizará. O peso do vaso non cambia, é sempre o mesmo. Pero canto máis tempo o suxeito, máis pesado, e máis difícil de soportar se volve.»

E continuou: «As preocupacións, os pensamentos negativos, os rancores, o resentimento, son como o vaso de auga. Se pensas neles un intre, non pasa nada. Se pensas neles todo o día, empezan a doer. E se pensas neles toda a semana, acabarás sentíndote paralizado, e incapaz de facer nada.» .

Polo tanto xa sabes: ! lembra soltar o vaso !” .



Atopa o valor de nemo?

Unha pista: son tantos como os que se esconderon entre o venres santo e a Resurrección.

CONSELLO



**“ O mesmo que unha árbore
ten unha soa raíz e moitas ramas e follas,
tamén hai unha soa relixión
verdadeira e perfecta,
pero diversificada en numerosas ramas,
por intervención dos homes ”
Mahatma Gandhi”**

“Un contión para vivir”**“Lembra soltar o vaso”**

Un psicólogo, nunha sesión grupal, levantou un vaso de auga. Todo o mundo esperaba a típica pregunta: “Está medio cheo ou medio baleiro?” Con todo, preguntou: – Canto pesa este vaso?.

As respostas variaron entre 200 e 250 gramos. O psicólogo respondeu: «O peso absoluto non é importante. Depende de canto tempo o sosteño. Se o sosteño un minuto, non é problema. Se o sosteño unha hora, doerame o brazo. Se o sosteño un día, o meu brazo entumecerase e paralizará. O peso do vaso non cambia, é sempre o mesmo. Pero canto máis tempo o suxeito, máis pesado, e máis difícil de soportar se volve.»

E continuou: «As preocupacións, os pensamentos negativos, os rancores, o resentimento, son como o vaso de auga. Se pensas neles un intre, non pasa nada. Se pensas neles todo o día, empezan a doer. E se pensas neles toda a semana, acabarás sentíndote paralizado, e incapaz de facer nada.» .

Polo tanto xa sabes: ! lembra soltar o vaso !” .

SANTO/a PARA O MES **en maio, día 1,** **XOSÉ OBREIRO**

Nome de orixe hebrea “yosephyah”, que significa “regalado por Deus”. Máis directamente “Yosef” “aumenteme Deus a familia”.

Nome universalmente coñecido, con distintas nomenclaturas, ocupando durante anos o primeiro posto na lista de nomes máis utilizados tanto en homes como en mulleres. Na advocación de Xosé obreiro, faise memoria do pai de Xesús en tanto traballador.

Che, Chiño, Cheché, Cheiño, Chi, Pepiño, Pepe, Pepín, Pepucho, Piño, Pucho, Se, Sesé, Seso, Xepe, Xexo, Xosín, Xosiño, Fefa, Fina, Chefa, Pepa, Pepucha, Sefa, Sesa.




CONSELLO

**“ O mesmo que unha árbore
ten unha soa raíz e moitas ramas e follas,
tamén hai unha soa relixión
verdadeira e perfecta,
pero diversificada en numerosas ramas,
por intervención dos homes ”
Mahatma Gandhi”**



16 de maio: Día Internacional da Convivencia en Paz



Decembro de 2017, a organización das nacións unidas declarou o 16 de maio como Día Internacional da Convivencia en Paz. Preténdese promover a tolerancia, a solidariedade, o respecto e a paz a nivel mundial.

Convivir en paz vai máis alá de lograr resolver os conflitos. Fai falla que aprendamos aceptar as diferenzas, que respectemos, escoitemos e recoñezamos ao outro. É importante lograr resolver os nosos problemas dialogando e de maneira pacífica.

O propósito de celebrar este día é buscar que a comunidade internacional se mobilice e unan forzas para promover a tolerancia, solidariedade, a inclusión e a paz.


A paz é o principal obxectivo das Nacións Unidas, despois da devastación da II Guerra Mundial comezou a traballar para librar as xeracións vindeiras do horror da guerra. Aínda estamos moi lonxe dunha verdadeira convivencia en Paz.

É necesario eliminar a discriminación e intolerancia en todas a súas formas. Incluindo as baseadas na raza, na cor, no sexo, no idioma, na relixión, na opinión política ou de outra índole, na orixe nacional, étnica ou social, na posición económica, nos impedimentos físicos, no nacemento ou calquera outra condición.



Convivir en paz consiste en aceptar as diferenzas e ter a capacidade de escoitar, recoñecer, respectar e aprezoar aos demais.

Irónico ver como no mundo seguen tantas e tantas guerras, esquecendo o que pasou na II guerra mundial, con tanto horror e devastación. Non aprendemos nada.



Unhas palabras do Papa Francisco

No Regina Coeli –Luns do Anxo

“Renunciar aos plans humanos e converterse á Paz,
e que as guerras e as disputas
dean paso ao entendemento e á reconciliación”

LECTURAS BÍBLICAS NOS DOMINGOS DE MAIO

DÍA 1	LECTURA	Feit 5, 27-32.40-41	Nós somos testemuñas
	EVANXEO	Xn 21, 1-14	Xesús deulles pan e peixe asado
DÍA 8	LECTURA	Feit 13, 14.43-52	Púxente para levar o evanxeo ao fin da terra
	EVANXEO	Xn 10, 27-30	Eu dou vida
DÍA 15	LECTURA	Feit 14, 21-27	Contaron todo canto Deus fixera con eles
	EVANXEO	Xn 13, 31-35	Amádevos uns a outros como eu vos ameí
DÍA 22	LECTURA	Feit 15, 22-29	Carta aos irmáns de orixe pagá
	EVANXEO	Xn 14, 23-29	Déixovos a miña paz, douvos a miña paz
DÍA 29	LECTURA	Feit 1, 1-11	Xesús foi elevado ao ceo á vista deles
	EVANXEO	Lc 24, 46-53	Vós seredes testemuñas de todo isto